

DECRETO NÚMERO 17009254 DO 25/10/2017

Ilma. Sra. Dona Ana Prieto Nieto, Tenente de Alcalde Delegada da Area de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico

Instruído expediente relativo a: **CONTRATACIÓN DA OBRA DE PAVIMENTACIÓN E SERVIZOS EN RÚA DA XESTA E RÚA DO FREIXO. APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXPTE REF. 36- 2017**

Examinado o expediente e visto:

1. Informe proposta do servizo de contratación do 16 de outubro do 2017 na parte expositiva da cal se fai consta-lo seguinte:

ANTECEDENTES

- I. Proxecto técnico de obras de PAVIMENTACIÓN E SERVIZOS EN RÚA DA XESTA E RÚA DO FREIXO redactado polo Servizo municipal de enxeñería.
- II. Oficio de remisión con entrada no Rexistro Municipal do Concello de data 20 de xullo de 2017 no que comunican a concesión de subvención para a realización da dita obra incluída no Plan de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal e de Estradas para a anualidade 2017.
- III. Anuncio no BOP de Lugo núm.191 de 21 de agosto de 2017 de aprobación definitiva do expediente de modificación orzamentaria mediante a modalidade de Suplemento de Crédito en sesión plenaria do 18 de agosto de 2017.
- IV. Certificado de existencia de consignación na aplicación orzamentaria 15300.61901 (RC 89204 de 8/9/17 e RC89464 de 11/9/17) do vixente Orzamento Xeral de 2017.
- V. Acta de replanteo previo das obras asinada pola enxeñeira de camiños do servizo de enxeñería, D. Marta Carballal Neira en data 18 de agosto de 2016.
- VI. Informe da enxeñeira municipal de data 22 de agosto de 2017 con proposta de criterios de adxudicación e proposta de tramitación urxente do procedemento de contratación.
- VII. Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación das obras de PAVIMENTACIÓN E SERVIZOS EN RÚA DA XESTA E RÚA DO FREIXO redactado polo Servizo municipal de contratación, patrimonio e fomento e correspondente informe-proposta

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/atm

Refª: 1508309832993.doc

Asunto: DECRETO APROBACION PREGOS OBRA PPOS XESTA E OUTRAS 36-2017

redactado polo Servizo municipal de contratación, patrimonio e fomento en data 25 de setembro de 2017.

- VIII. Informe de Asesoría Xurídica de data 6 de outubro de 2017 favorable se ben con algunha observación.
- IX. Novo informe proposta redactado polo Servizo municipal de contratación, patrimonio e fomento en data 6 de outubro de 2017 recollendo as observacións da Asesoría Xurídica.
- X. Informe da Intervención Municipal de data 13 de outubro de 2017 favorable agás a proposta de tramitación de urxencia que se cuestiona tendo en conta o escenario temporal actual.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009 do 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a lei 30/2007 do 30 de outubro de Contratos do Sector Público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 31/1995, do 8 de novembro de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real decreto 39/97 do 17 de xaneiro sobre regulamentación dos servizos de Prevención.
- Real decreto 486/97 do 14 de abril sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.
- Real Decreto 171/2004, de 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, en materia de Coordinación de actividades empresariais.
- Lei 32/2006, de 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.
- Real Decreto 1109/2007, de 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, de 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.
- Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo, polo que se modifican o Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro; o Real Decreto 1109/2007, de 24 de agosto, polo

que se desenvolve a Lei 32/2006, de 18 de outubro, e o Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.

- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. Este contrato pode ser cualificado como un contrato de obras, recollido e regulado no artigo 6 do TRLCSP que serían aqueles “*que teñen por obxecto a realización dunha obra ou a execución dalgún dos traballos enumerados no Anexo I ou a realización por calquera medio dunha obra que responda ás necesidades especificadas pola entidade do sector público contratante*”. O obxecto deste contrato de obra é a execución do proxecto de obras de PAVIMENTACIÓN E SERVIZOS EN RÚA DA XESTA E RÚA DO FREIXO redactado polo Servizo Municipal de Enxeñería.

Segunda. O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto nos artigos TRLCSP e no RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O procedemento de adxudicación elixido é o **aberto**, de acordo co previsto nos artigos 157 e seguintes do TRLCSP.

No prego de cláusulas administrativas particulares determínanse os criterios e aspectos económicos e técnicos que serán obxecto de valoración, os cales respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos polo TRLCSP, xa que é exclusivamente o prezo ofertado á baixa e o incremento do prazo de garantía.

Terceira.- A enxeñeira municipal propón en informe de data 22 de agosto de 2017 a tramitación do expediente de contratación polo **procedemento de urxencia** a fin de dar cumprimento ós prazos establecidos na convocatoria do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos que establece como data límite para adxudicar e formalizar os contratos o 31 de outubro de 2017.

A Excm. Deputación Provincial de Lugo aprobou en data 16.06.2017 o Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos que foi notificado a este Concello o 03.07.2017 se ben este acordo foi sometido a información pública e non é ata o 20 de xullo de 2017 cando informan que non houbo reclamacións polo que o Plan está aprobado definitivamente.

O expediente de contratación non se puido iniciar no momento da comunicación oficial da condición de beneficiario xa que a aportación municipal estaba supeditada á aprobación definitiva dun expediente de modificación orzamentaria mediante a

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/atm

Refª: 1508309832993.doc

Asunto: DECRETO APROBACION PREGOS OBRA PPOS XESTA E OUTRAS 36-2017

modalidade de Suplemento de Crédito ao atoparse o Orzamento Municipal en situación de prórroga para o ano 2017 e polo tanto sen créditos no capítulo VI de Investimentos do Orzamento Municipal.

Non foi ata o 18 de agosto de 2017 cando o Excmo. Pleno do Concello aprobou definitivamente o expediente de suplemento de crédito (publicado no BOP o 21 de agosto de 2017) polo que ata este momento non existía crédito para facer fronte ao gasto derivado desta contratación. Con datas 8 e 11 de setembro de 2017 foi consignado o crédito correspondente.

Así mesmo, en data 29 de agosto de 2017 foi solicitada unha prórroga á Excm. Deputación Provincial de Lugo para permitir que a adxudicación e formalización dos contratos se demorase ata o 30 de decembro de 2017 sen que chegado o mes de outubro se tivera contestación a esta solicitude.

Por todo o anterior e tendo en conta o artigo 112.1 do TRLCSP que establece *“Poderán ser obxecto de tramitación urxente os expedientes correspondentes aos contratos cuxa celebración responda a unha necesidade inaprazable ou cuxa adxudicación sexa preciso acelerar por razóns de interese público. A tales efectos o expediente deberá conter a declaración de urxencia feita polo órgano de contratación debidamente motivada”*, dende o Servizo de Contratación propúxose mediante informe-proposta de 25.09.2017 tramitar o expediente de contratación por urxencia para reducir o prazo de licitación de 26 días a 13 días naturais procurando así que a adxudicación e formalización se realizase antes do 31 de outubro de 2017.

Cuarta.- Á vista do informe da Asesoría Xurídica de data 6 de outubro que dí: *“A base 18ª reguladora do procedemento do citado Plan Provincial establece que os Concellos adxudicarán e formalizarán, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no mesmo ata o 31 de outubro de 2017. Non obstante o prazo poderá ser prorrogado mediante acordo da Xunta d Goberno a solicitude motivada do Concello. Este último é o caso do Concello de Lugo que solicitou unha prórroga que a día de hoxe no está concedida oficialmente. Así as cousas o necesario cumprimento da tramitación administrativa prevista legal e regulamentariamente para o procedemento de contratación fai complicado que o contrato de obras esté adxudicacdo e formalizado coa data sinalada, co conseguinte risco de perda da cofinanciación externa, circunstancia que deberá ser valorada pola intervención xeral á hora da fiscalización do expediente. E elo a pesar da tramitación de urxencia do expediente de contratación. Á vista desta situación suxírese por parte desta Asesoría Xurídica a inclusión dunha cláusula, xa utilizada noutros procedementos tramitados neste Concello, que prevea que a adxudicación do contrato se condicione á incorporación ao expediente administrativo da resolución, coa concesión da prórroga que permita cumprir coas bases reguladoras da subvención, de xeito que de non dispoñer dela o Concello podería renunciar á celebración deste contrato.”* emitíuse novo informe proposta por este Servizo de

Contratación con inclusión na cláusula décimo terceira dunha cautela nese sentido condicionando a adxudicación do contrato á concesión dunha prórroga por parte da Deputación Provincial de Lugo.

Quinta.- Finalmente o expediente fiscalízase favorablemente pola Intervención Municipal o 13 de outubro de 2017 se ben cunha serie de observacións e condicionantes; éste último cuestiona a aplicación no procedemento da tramitación de urxencia á vista do escenario actual (13.10.2017) que non permite ter adxudicado e formalizado o contrato o 31.10.2017 - na data do informe-proposta deste Servizo de contratación de 25.09.17 e 06.10.2017 sí era factible - de xeito que de non aceptarse por parte da Deputación Provincial de Lugo a prórroga solicitada non poderá adxudicarse o contrato e, pola contra, si se concede desaparece a causa habilitadora da tramitación de urxencia agás que o prazo concedido sexa inferior ao solicitado e fose incompatible cos prazos legalmente establecidos para adxudicar e formalizar un contrato de obra por procedemento ordinario.

Por todo o exposto procede, en base as consideracións do informe de Intervención, modificar as cláusulas do prego administrativo suprimindo toda referencia á tramitación de urxencia e polo tanto aplicar o procedemento ordinario.

Cómpre sinalar que a día de hoxe non se ten concedido a prórroga solicitada polo que é preciso manter a mesma condición incorporada no informe-proposta de 6 de outubro de 2017 de xeito que se non se concede a prórroga cun prazo que permita a tramitación do expediente e a adxudicación e formalización do contrato nese prazo concedido (como tope o 30.12.2017) poderá renunciarse á celebración do contrato.

Sexta.- En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de contratos do sector publico, á Xunta de Goberno Local correspóndenlle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.

2.- Acordo num. 16/618 da Xunta de Goberno Local de data 11 de outubro de 2017 polo que se delega as competencias na Tenente de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprego e Desenvolvemento Local para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos dos expedientes administrativos de contratación das obras incluídas no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos.

Por todo o anteriormente exposto e no uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexistativo 3/2011 de 14

de novembro, e en virtude do antedito acordo de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local num. 16/618 de 11 de outubro de 2017, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a contratación da obra “**PAVIMENTACIÓN E SERVIZOS EN RÚA DA XESTA E RÚA DO FREIXO**”.

SEGUNDO.- Aprobar o proxecto técnico da obra de referencia elaborado polo Servizo Municipal de Enxeñería, así como o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na licitación dos traballos sinalados no parágrafo anterior, sendo o teor literal do mesmo o seguinte:

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN DA OBRA DE PAVIMENTACIÓN E SERVIZOS EN RÚA DA XESTA E RÚA DO FREIXO (EXPTE REF 36- 2017)

ÍNDICE

- **CLÁUSULA PRIMEIRA.** OBXECTO DO CONTRATO.
- **CLÁUSULA SEGUNDA.** NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.
- **CLÁUSULA TERCEIRA.** PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO.
- **CLÁUSULA CUARTA.** PREZO DO CONTRATO. VALOR ESTIMADO.
- **CLÁUSULA QUINTA.** PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR.
- **CLÁUSULA SEXTA.** CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA. CRITERIOS DE SOLVENCIA TÉCNICA.
- **CLÁUSULA SÉTIMA.** GARANTÍAS.
- **CLÁUSULA OITAVA.** ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.
- **CLÁUSULA NOVENA.** PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.
- **CLÁUSULA DÉCIMA.** DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.
- **CLÁUSULA DÉCIMO PRIMEIRA.** MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DE PROPOSICIÓNS.
- **CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA.** CRITERIOS DE VALORACIÓN. PREFERENCIA NA ADXUDICACIÓN.
- **CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA.** ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.
- **CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA.** FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.
- **CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA.** COMPROBACIÓN DO REPLANTEO.
- **CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA.** EXECUCIÓN DO CONTRATO.
- **CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA.** SUBCONTRATACIÓN. CONDICIÓNS ESENCIAIS DE EXECUCIÓN.
- **CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA.** GASTOS.

- **CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA.** CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS. OBRIGAS CONTRACTUAIS ESENCIAIS. CONDICIÓN ESPECIAIS DE EXECUCIÓN CON CARÁCTER DE OBRIGAS CONTRACTUAIS ESENCIAIS.
- **CLÁUSULA VIXÉSIMA.** RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA.
- **CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA.** RECEPCIÓN. PRAZO DE GARANTÍA. PAGAMENTO
- **CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA.** PENALIDADES.
- **CLÁUSULA VIXÉSIMO TERCEIRA.** EXTINCIÓN DO CONTRATO.
- **CLÁUSULA VIXÉSIMO CUARTA.** RÉXIME DE RECURSOS.
- **ANEXO I.** DOCUMENTACIÓN GABINETE DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.
- **ANEXO II.** DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REXISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRICIÓN REXISTRAL.
- **ANEXO III.** MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE (só para os casos de non acreditar os requisitos mediante certificado de inscrición en Rexistro de licitadores).
- **ANEXO IV.** DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS LEGAIS E CONTRACTUALMENTE ESTABLECIDAS PARA PODER CONTRATAR CO CONCELLO DE LUGO.
- **ANEXO V.** MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE RELATIVA Á OBRIGA DE TER TRABALLADORES CON DISCAPACIDADE EN PLANTILLA.
- **ANEXO A.** PRESENTACIÓN DE PLICAS.

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO.

É obxecto deste contrato a realización da obra de PAVIMENTACIÓN E SERVIZOS EN RÚA DA XESTA E RÚA DO FREIXO conforme o proxecto elaborado polo Servizo Municipal de Enxeñería.

CPV.- ... 45432100-5 Traballos de pavimentación e revestimento de solos.
45232410-9 Obras de saneamento

Con este contrato trátase de satisfacer a necesidade de mellorar a circulación viaria debido ao mal estado e insuficiencia das infraestructuras municipais con pavimento deteriorado así como mellorar a infraestructura do saneamento; tendo en conta a insuficiencia de medios propios municipais para a súa reparación.

Esta obra está incluída dentro do Plan de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal e de Estradas para a anualidade 2017 aprobadas pola Excma. Deputación Provincial de Lugo.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/atm

Refª: 1508309832993.doc

Asunto: DECRETO APROBACION PREGOS OBRA PPOS XESTA E OUTRAS 36-2017

SEGUNDA.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.

Trátase dun **contrato de obra** recollido e regulado no artigo 6 do TRLCSP que ten por obxecto a realización da obra de **PAVIMENTACIÓN E SERVIZOS EN RÚA DA XESTA E RÚA DO FREIXO** conforme o proxecto elaborado polo Servizo Municipal de Enxeñería.

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009 do 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a lei 30/2007 do 30 de outubro de Contratos do Sector Público.
- Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 31/1995, do 8 de novembro de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real decreto 39/97 do 17 de xaneiro sobre regulamentación dos servizos de Prevención.
- Real decreto 486/97 do 14 de abril sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.
- Real Decreto 171/2004, de 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, en materia de Coordinación de actividades empresariais.
- Lei 32/2006, de 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.
- Real Decreto 1109/2007, de 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, de 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.
- Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo, polo que se modifican o Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro; o Real Decreto 1109/2007, de 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, de 18 de outubro, e o Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.

- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 210 do TRLCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos.

Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto neste prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último así como a normativa vixente en materia de contratación.

Ademais deste prego, terán carácter contractual os seguintes documentos:

- O prego de prescricións técnicas.
- Os planos.
- A memoria do proxecto.
- O programa de traballo incluído no proxecto.
- Os cadros de prezos.
- O documento no que se formalice o contrato.

De conformidade coa Disposición Adicional Segunda do TRLCSP a Xunta de Goberno local do Concello de Lugo é o órgano de contratación deste contrato sen prexuízo das delegacións que teña conferida na Tenente de Alcalde Delegada.

TERCEIRA. PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO.

Esta obra executarase con suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e conforme ó proxecto técnico aprobado polo Concello e terá un prazo máximo de execución de **TRES MESES** contados a partires do día seguinte ao de sinatura da acta de comprobación do replanteo.

CUARTA. PREZO DO CONTRATO. VALOR ESTIMADO.

4.1.- O **valor estimado do contrato** ascende a 100.311,38 euros IVE excluído.

4.2.- O **prezo de licitación** é:

Prezo sen IVE: 100.311,38 euros (gastos xerais e beneficio industrial incluído).

IVE (21%): 21.065,39 euros.

Prezo de licitación: 121.376,77 euros IVE incluído.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/atm

Refª: 1508309832993.doc

Asunto: DECRETO APROBACION PREGOS OBRA PPOS XESTA E OUTRAS 36-2017

4.3.- Faise contar a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 15300.61901 (RC 89204 e RC 89464).

4.4.- Faise constar que en virtude do artigo 89 do TRLCSP este contrato **non** está suxeito a revisión de prezos.

Esta obra conta con financiamento da Deputación Provincial de Lugo por estar incluída dentro do Plan de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal e de Estradas para a anualidade 2017.

QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR.

Este contrato adxudicarase polo procedemento **aberto**, previsto e regulado polos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP.

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 54 e seguintes do TRLCSP.

Os empresarios deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constituía o obxecto do contrato.

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Poderán así mesmo, presentar proposicións as UNIÓNS DE EMPRESARIOS que se constituían temporalmente de conformidade co artigo 59 do TRLCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a clasificación conforme o establecido no artigo 52 do RXLCAP coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, e deberán indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato, posuirá a plena representación ante a administración, e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da unión.

SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA. CRITERIOS DE SOLVENCIA TÉCNICA.

6.1.- A xustificación da **solvencia económica e financeira** deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- Co **volumen anual de negocios** (cifra de negocios por importe neto que se reflecta na conta de perdas e ganancias da conta anual) referido ao ano de maior volume de negocio dos últimos tres anos anteriores á licitación deste contrato por **importe igual ou superior a 150.000 euros, IVE excluído**.

Para a acreditación deste volume anual de negocios **achegaranse as contas anuais** do ano de maior volume de negocio aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil ou oficial que corresponda mediante a certificación, nota simple ou información análoga expedida polo Rexistro e que conteña as contas anuais, sempre que estea vencido o prazo de presentación e se atopen depositadas; se o último exercicio se atopase pendente de depósito, deben achegarse acompañadas da certificación da súa aprobación polo órgano competente para isto é da súa presentación no Rexistro.

Os empresarios individuais non inscritos acreditarán o volume anual de negocio por medio dos libros de inventarios e contas anuais legalizadas polo Rexistro Mercantil.

- Co **Patrimonio neto positivo ou ben ratio entre activos e pasivos por importe superior á unidade** que se reflecta no balance de contas anuais do último exercicio económico para o que estea vencida a obriga de aprobación de contas anuais.

6.2 A **solvencia técnica e profesional** deberá ser xustificada mediante a acreditación de experiencia na realización de obras similares (pavimentación de vías) as que son obxecto deste contrato por un importe anual acumulado no ano de maior execución durante os derradeiros dez anos que sexa igual ou superior a **70.000 euros IVE excluído**.

Para a súa acreditación achegarán unha relación asinada polo licitador e comprensiva dos servizos realizados, descrición de cada un dos contratos, destinatario, importe e data de realización.

Xunto con esta relación achegarán certificado expedido ou visado polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público e cando o destinatario sexa un comprador privado mediante un certificado expedido por este, copia do contrato, informe da empresa contratante ou mediante a declaración do empresario de xeito que se permita comprobar o seu cumprimento.

Non obstante o exposto e de conformidade co artigo 11 do Real Decreto 1098/2001 Non obstante o exposto e de conformidade co artigo 11 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, na redacción dada por Real Decreto 773/2015 de 28 de agosto, a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira así como

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/atm

Refª: 1508309832993.doc

Asunto: DECRETO APROBACION PREGOS OBRA PPOS XESTA E OUTRAS 36-2017

a solvencia técnica e profesional poderá substituírse pola correspondente clasificación no grupo e subgrupo que corresponda en función do obxecto do contrato e coa categoría que proceda en función do valor anual medio.

En consecuencia, a documentación relacionada anteriormente acreditativa da solvencia económica e financeira así como a solvencia técnica e profesional **podrá substituírse pola correspondente clasificación para a celebración de contratos de obra do mesmo tipo, en particular pola clasificación no grupo G, subgrupo 6, categoría 1) (na anterior normativa categoría c).**

SÉTIMA. GARANTÍAS.

De conformidade co artigo 103 do TRLCSP non resulta esixible a constitución de garantía provisional.

O licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa estará obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que recíbese o requirimento a que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP. De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 96 do TRLCSP, isto é:

- a) En efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas no TRLCSP e normas de desenvolvemento.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento do TRLCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.
- c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.

OITAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.gal).

O prazo de presentación de proposicións será de **VINTESEIS días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

NOVENA. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN.

As empresas presentarán a súa proposición mediante unha instancia ou escrito conforme ao **anexo A “PRESENTACIÓN DE PLICAS”** acompañada de DOUS sobres pechados, asinados polo propoñente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, dirección, teléfono, correo electrónico e fax para os efectos de notificacións. Os ditos sobres denominaranse coas letras A- DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA-, e letra B – OFERTA ECONÓMICA E RELATIVA A CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE.

En tódolos sobres indicárase a referencia do expediente: EXP. REF. 36-2017

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo indicado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario das 9 ás 14 horas de luns a venres ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidise en inhábil prorrogárase ó seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

DÉCIMA.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.

O sobre A - DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA - conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

1.- Acreditativos da **personalidade e capacidade** do licitador, que serán:

a) Se se trata de empresario individual (persoa física), copia auténtica do DNI.

b) Os restantes empresarios (persoas xurídicas):

-Escritura de constitución ou modificación se é o caso debidamente inscrita no seu correspondente rexistro mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislación que lle sexa aplicable.

Se é o caso, mediante a presentación de escritura ou documento de constitución ou modificación dos estatutos ou acto fundacional no que

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/atm

Refª: 1508309832993.doc

Asunto: DECRETO APROBACION PREGOS OBRA PPOS XESTA E OUTRAS 36-2017

consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.

-Copia do DNI da persoa representante asinante da proposición.

2.- Acreditativos da **extensión das facultades do representante ou apoderado:**

Cando o licitador actúe mediante representante ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica deberá realizar o Bastanteo do Poder para o que presentará documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar inscrito no Rexistro Mercantil.

O bastanteo realizarase por funcionarios/as do servizo municipal de contratación do Concello habilitados ó efecto con anterioridade ó remate do prazo establecido para a presentación da documentación e ofertas.

3.- **Declaración responsable (conforme o modelo do Anexo III)** do licitador outorgada ante o Concello de Lugo, notario ou organismo profesional cualificado na que se faga constar **que non se atopa incursión en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 60 do TRLCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social** impostas polas disposicións vixentes. Nesta declaración farase constar así mesmo que o licitador esta dado de alta no IAE no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato non habendo causado baixa neste.

Non obstante, os licitadores deberán ter en conta que, no caso de ser seleccionados para ser adxudicatarios, deberán acreditar debidamente estas circunstancias no prazo e coas formalidades previstas na Lei e neste prego.

Advirteselles aos licitadores que a comprobación de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias co Concello de Lugo – referido ao momento de presentación de ofertas - realizarase de oficio polo que, de acreditarse a existencia de débedas co Concello, esta circunstancia suporá unha falsidade na súa declaración responsable que impedirá realizar a adxudicación ao seu favor por atoparse en prohibición para contratar.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

4.- Presentación da **alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.**

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalguna das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto legislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto.

Quedarán dispensados de presentar a documentación referida nos catro apartados anteriores os licitadores inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia agás para o cumprimento do requisito de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo por non ser de obrigada inscrición nos ditos Rexistros. **Para a acreditación deste último requisito, na declaración responsable do ANEXO II deste prego de cláusulas administrativas que deberá achegar coa certificación que se menciona nos parágrafos seguintes, inclúese un apartado a estes efectos.**

A efectos desta dispensa os licitadores deberán achegar no sobre A o número de inscrición e incluír a correspondente certificación onde se reflecta a información a que se refiren os parágrafos anteriores. Esta dispensa terá validez sempre e cando a información que facilite o dito certificado estea vixente na data límite do prazo sinalado para a presentación de ofertas.

Conforme o establecido no artigo 146 do TRLCSP deberá achegar unha **declaración responsable (conforme modelo ANEXO II) no que se manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.** A dita declaración reiterarase no caso de resultar seleccionado e no documento no que se formalice o contrato.

5.- Acreditación da **solvencia económica e financeira** así como **solvencia técnica e profesional** polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas.

Os licitadores con inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia deberán presentar -no caso de non reflectirse esta información no correspondente certificado- a documentación acreditativa da

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/atm

Refª: 1508309832993.doc

Asunto: DECRETO APROBACION PREGOS OBRA PPOS XESTA E OUTRAS 36-2017

solvencia económica e financeira así como a solvencia técnica e profesional agás nos casos que de conformidade cos artigos 62.2 e 74.2 do TRLCSP a xustificación da solvencia poda substituírse pola correspondente clasificación.

6.- No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Anexo I do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

b) Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acreditar a súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar de domicilio da empresa no que se faga constar, previa demostración pola empresa, que figura inscrita no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de reciprocidade da Misión Diplomática Permanente de España na que faga constar que o estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga. Exceptúase deste requisito os casos de contratos suxeitos a regulación harmonizada en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio (artigo 55 do TRLCSP).

En todo caso, as empresas estranxeiras deberán asinar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado/a do Rexistro deste Excmo. Concello.

DE CONFORMIDADE CO ARTIGO 146.4 DO TRLCSP, OS LICITADORES PODERÁN SUBSTITUÍR A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN RELACIONADA ANTERIORMENTE (apartados 1 á 6) DENTRO DO SOBRE A UNICAMENTE POR UNHA DECLARACIÓN RESPONSABLE INDICANDO QUE

CUMPRE TÓDALAS CONDICIÓNS ESTABLECIDAS LEGALMENTE PARA CONTRATAR COA ADMINISTRACIÓN CONFORME O MODELO DO ANEXO IV DESTES PREGOS.

7.- Os licitadores virán obrigados a informar o **convenio colectivo que será de aplicación aos traballadores vinculados ao contrato** no caso de resultar adxudicatarios, así como a obriga de facilitar tanta información sexa requirida sobre as condicións de traballo aplicadas efectivamente aos mesmos (**incluído no modelo do ANEXO IV**).

8.- Declaración responsable (**conforme modelo do ANEXO V ou dentro do Anexo IV**) pola que, de resultar adxudicatarios -e para o caso de que o número de traballadores en plantilla iguale ou supere a cifra de 50- obríganse a cumprir e acreditar, ante o órgano de contratación, o cumprimento da obriga sinalada no artigo 42 do Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

Nesta declaración farase constar que se asume o compromiso de acreditar o dito cumprimento durante toda a vixencia do contrato cando sexa requirido polo responsable do contrato.

A obriga establecida neste parágrafo configúrase como condición especial de execución á que se lle atribúe carácter de obriga contractual esencial de conformidade co artigo 118 cuxo incumprimento poderá dar lugar á resolución do contrato ou á imposición de penalidades.

No caso de ter optado polo cumprimento das medidas alternativas deberán achegar xunto con esta declaración responsable unha copia da declaración de excepcionalidade e unha declaración do licitador das medidas concretas aplicadas a tal efecto.

A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre B dentro do sobre A implicará automaticamente o rexeitamento da proposición por supoñer unha vulneración dos principios de igualdade de trato e non discriminación.

O sobre B, Oferta económica e relativa a criterios avaliábles automaticamente, conterá o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don, con domicilio en e DNI número, expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou NIF número) fai constar:

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/atm

Refª: 1508309832993.doc

Asunto: DECRETO APROBACION PREGOS OBRA PPOS XESTA E OUTRAS 36-2017

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a contratación da **OBRA DE PAVIMENTACIÓN E SERVIZOS EN RÚA DA XESTA E RÚA DO FREIXO (EXP- REF 36-2017)**

b) Que se compromete á execución da obra conforme a seguinte **oferta económica:**

Prezo sen IVE:..... euros.

IVE (21%):euros.

Prezo total IVE incluído:..... euros.

c) Que oferta un **incremento do prazo de garantía de meses** a maiores do mínimo de un ano (doce meses) esixidos na cláusula vixésimo primeira do prego de cláusulas administrativas.

d) Comunico que a empresa que represento SI/NON (sinalar o que proceda) **ten previsto subcontratar** a realización parcial deste contrato por un importe de euros á empresa sen prexuízo da comunicación que se realizará no caso de realizar outras subcontratacións durante a execución da obra de conformidade co artigo 227 do TRLCSP.

e) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e das condicións técnicas, como licitador e como adxudicatario, se é o caso.

f) Que acepto que tódalas notificacións e comunicacións relacionadas con esta contratación, tanto no procedemento de licitación como durante a execución do contrato no caso de resultar adxudicatario, se realicen no **seguinte enderezo de correo electrónico:** _____

g) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DE PROPOSICIÓN.

De conformidade co previsto no artigo 320 e na Disposición Adicional Segunda do TRLCSP o órgano de contratación estará asistido por unha Mesa de Contratación que será o competente para a valoración das ofertas.

Esta Mesa estará constituída por:

Presidente: Xefe do servizo de contratación ou persoal que o substitúa.

Secretario: Técnico do servizo de contratación ou persoal que o substitúa.

Vogais:

- Titular da Asesoría Xurídica ou persoal que o substitúa.
- Interventor xeral ou persoal que o substitúa.
- Titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local (Vicesecretaria) ou persoal que o substitúa.
- O Secretario Xeral do Pleno ou persoal que o substitúa.
- Enxeñeiro do Servizo Municipal de Enxeñería ou persoal que o substitúa.

O acto de apertura da documentación incluída no sobre B celebrarase ó terceiro día hábil contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

No caso de que a apertura do sobre B se realice en día distinto ó sinalado así como nos casos de celebración pola Mesa de Contratación de sesións que deban realizarse en acto público, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

DÉCIMO SEGUNDA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN. PREFERENCIA NA ADXUDICACIÓN.

Os criterios de adxudicación serán os seguintes:

1. OFERTA ECONÓMICA: Ata 8 puntos.

Obterá 8 puntos a proposición da empresa que oferte o prezo máis baixo. Obterán 0 puntos as proposicións das empresas que oferten o prezo de licitación e as restantes valoraranse de xeito directamente proporcional en función da baixa ofertada. A estes efectos, considerarase o prezo ofertado sen ter en conta os valores decimais, que se redondearán ao número enteiro máis próximo. No caso de resultar 0,5 o redondeo efectuarase á cifra superior.

Ningunha oferta se cualificará con valores anormais ou desproporcionados no sentido do recollido no artigo 152 do TRLCSP.

2. AMPLIACIÓN DO PRAZO DE GARANTÍA a maiores do mínimo de 12 meses que figura neste prego e ata un máximo de 48 meses a maiores: Ata 2 puntos.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/atm

Refª: 1508309832993.doc

Asunto: DECRETO APROBACION PREGOS OBRA PPOS XESTA E OUTRAS 36-2017

Será valorado o incremento o prazo de garantía que propoña a empresa ata un límite máximo de 48 meses a maiores dos doce meses (1 ano) que figura no prego a partir da data de recepción da obra.

Obterá a máxima puntuación neste apartado (2 puntos) a proposición da empresa que oferte o maior incremento do prazo de garantía a maiores do mínimo de doce meses e ata 48 meses como tope ofertado. Obterán 0 puntos as proposicións das empresas que non oferten incremento algún e as restantes valoraranse de xeito proporcional.

Preferencia na adxudicación en caso de empate:

En aplicación do establecido na disposición adicional cuarta do TRLCSP, establécese a preferencia na adxudicación deste contrato para as proposicións presentadas por empresas públicas ou privadas que no momento de acreditar a súa solvencia técnica teñan na súa plantilla un número de traballadores con discapacidade superior ao 2%, sempre que as ditas proposicións igualem nos seus termos ás máis vantaxosas dende o punto de vista dos criterios que sirvan de base para a adxudicación.

Se varias empresas licitadoras das que tivesen empatado en canto á proposición mais vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2 %, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade na súa plantilla.

Así mesmo e de manterse a igualdade terán preferencia na adxudicación deste contrato, en igualdade de condicións coas que sexan economicamente máis vantaxosas, as proposicións presentadas por empresas dedicadas especificamente á promoción e inserción laboral de persoas en situación de exclusión social. Igualmente, resultarán aplicables os criterios establecidos na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

A adxudicación do contrato será realizada polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación. Unha vez seleccionada a oferta economicamente mais vantaxosa segundo os criterios de adxudicación establecidos neste prego, requirirase ao licitador que presentase esta oferta para que, dentro do prazo de **dez días hábiles**, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente os correspondentes certificados de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

De conformidade co artigo 146.4 do TRLCSP, o órgano de contratación requirirá ó licitador seleccionado para que, con anterioridade á adopción da proposta de adxudicación e para o caso de que non se presentase a documentación administrativa (apartados 1 a 6 da cláusula décima) dentro do sobre A, achegue a documentación acreditativa do cumprimento das condicións esixidas para ser adxudicatario do contrato.

O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar co Concello de Lugo será o de finalización do prazo de presentación das proposicións.

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Unha vez acordada a adxudicación do contrato, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

Na notificación así como no perfil do contratante indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Non obstante todo o anterior, a adxudicación deste contrato estará condicionada á incorporación ó expediente administrativo da correspondente resolución de concesión de prórroga que permita adxudicar e formalizar o contrato no prazo esixido de xeito que de non dispoñer dela o Concello podería renunciar á celebración deste contrato. Neste caso os gastos aos que se refire o artigo 155.2 do TRLCSP serán exclusivamente os de preparación material da documentación necesaria para licitar.

DÉCIMO CUARTA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo máximo de **quinze días hábiles** a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/atm

Refª: 1508309832993.doc

Asunto: DECRETO APROBACION PREGOS OBRA PPOS XESTA E OUTRAS 36-2017

Previamente á formalización do contrato o adxudicatario deberá achegar o xustificante de aboamento dos gastos dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato.

DÉCIMO QUINTA. COMPROBACIÓN DO REPLANTEO.

Dentro do prazo que se consigne no contrato, que non poderá ser superior a UN MES dende a data da súa formalización, o director das obras procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do replanteo feito previamente á licitación estendéndose acta do resultado, que será asinada por ámbalas dúas partes interesadas, remitíndose un exemplar da mesma ó órgano que celebrou o contrato.

No poderá iniciarse a obra sen a previa aprobación do **Plan de Seguridade e Saúde** en virtude do real Decreto 1627/1997 de 24 de outubro polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción. A tal efecto e no prazo máximo de quince días naturais dende a formalización do contrato o contratista presentará ante o Concello de Lugo o plan de seguridade e saúde que se pasará a informe do coordinador durante un prazo de sete días naturais. En todo caso o prazo máximo para a aprobación do plan será de un mes dende a sinatura do contrato.

DÉCIMO SEXTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO.

1. Os traballos executaranse con estrita suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no proxecto técnico aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste dera ó contratista a Dirección facultativa ou o responsable do contrato (enxeñeiro/a de camiños do Servizo Municipal de Enxeñería), que así mesmo terá as facultades de responsable do contrato conforme ao sinalado no artigo 52 do TRLCSP.

O responsable municipal do contrato deberá corrixir inmediatamente calquera incidencia ou desviación na execución que poida supoñer infracción das anteditas regras propoñendo e instruíndo, se fose o caso, o oportuno expediente, por incumprimento contractual, de imposición de penalidades ou de resolución do contrato.

Cando as instrucións fosen de carácter verbal, deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

2. A modificación deste contrato suxeitarase ó disposto no artigo 219 así como polo disposto no título V do Libro I (artigos 105 a 108), do TRLCSP.

3. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 226 do TRLCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.

4. Faise constar expresamente que a contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita ós requisitos establecidos no artigo 227 do TRCSP, así como o pagamento a subcontratistas e subministradores deberá axustarse ó disposto no artigo 228 do TRLCSP.

DÉCIMO SÉTIMA.- SUBCONTRATACIÓN. CONDICIÓN ESENCIAL DE EXECUCIÓN.

De conformidade co artigo 227 do TRLCSP a empresa contratista **non poderá** subcontratar prestacións parciais con terceiros que superen **o 60% do importe de adxudicación IVE incluído**.

O licitador deberá indicar na súa oferta a parte do contrato que teñan previsto contratar, sinalando o importe, o nome e perfil empresarial definido por referencia ás súas condicións de solvencia profesional ou técnicas.

En todo caso o contratista deberá comunicar anticipadamente e por escrito ó Concello de Lugo a súa intención de celebrar subcontratos o seu importe e identidade do subcontratista.

A falta de comunicación da celebración de subcontratos así como a infracción dos requisitos establecidos no artigo 227.2 do TRLCSP dará lugar á imposición de penalidade de ata o 50% do importe do subcontrato.

Aos efectos do artigo 223.h) del TRLCSP faise constar que a falta de pagamento a provedores e subcontratistas para a execución desta obra poderá dar lugar á resolución deste contrato.

De conformidade co artigo 228 bis do TRLCSP o Concello de Lugo poderá comprobar o estrito cumprimento dos pagamentos do contratista cos seus subcontratistas e subministradores. En consecuencia o contratista está obrigado a pagar ós subcontratistas e/ou subministradores os prezos pactados nos prazos legalmente establecidos e xustificar esta circunstancia ó Concello de Lugo cando así se requira.

Esta obriga ten a consideración de **condición esencial de execución** e o seu incumprimento dará lugar á imposición de penalidades previstas neste prego así como á resolución do contrato de conformidade co articulo 223.h) del TRLCSP.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/atm

Refª: 1508309832993.doc

Asunto: DECRETO APROBACION PREGOS OBRA PPOS XESTA E OUTRAS 36-2017

A subcontratación de prestacións obxecto do contrato por parte do contratista non poderá ser causa para eludir o cumprimento por parte deste último das condicións especiais de execución nin de ningunha obriga establecida nos pregos reguladores da contratación.

O contratista principal asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ao Concello, conforme ao estipulado nos pregos e nos termos do contrato, e neste sentido e respecto das subcontratacións que puideran concertarse será o responsable último do cumprimento polos subcontratistas das obrigas impostas nas disposicións vixentes en materia laboral en particular o pagamento dos salarios e cotizacións a que veña obrigado, así como a cumprir as obrigas en materia de seguridade social e de seguridade e Hixiene no traballo impostas nas disposicións vixentes. As obrigas establecidas neste parágrafo configúranse como condicións especiais de execución ás que se lles atribúe carácter de obrigas contractuais esenciais de conformidade co artigo 118, podendo dar lugar o seu incumprimento á resolución do contrato ou á imposición de penalidades.

Así mesmo, en relación cos contratos de obras lémbrese ao contratista o necesario cumprimento da Lei 32/2006 de 18 de outubro reguladora da subcontratación no Sector da Construcción.

DÉCIMO OITAVA.- GASTOS.

Os gastos de anuncios de licitación serán por conta do contratista (o importe indícase no propio anuncio) . O contratista estará así mesmo obrigado ó pagamento de tódolos xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licenzas que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, e serán da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

Malia o exposto anteriormente o adxudicatario non estará suxeito ao pagamento da taxa por ocupación da vía pública municipal que sexa estritamente necesaria para a execución da obra contratada e que corresponda ao espazo recollido no plan de seguridade e saúde presentado polo adxudicatario e aprobado polo Concello o que leva implícita a autorización para a súa ocupación.

DÉCIMO NOVENA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS. OBRIGAS CONTRACTUAIS ESENCIAIS. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN CON CARÁCTER DE OBRIGAS CONTRACTUAIS ESENCIAIS.

19.1.- O/os contratista/s están obrigados a **cumprir as obrigas impostas nas disposicións vixentes en materia laboral, en particular o pagamento dos salarios e cotizacións a que veña obrigado, así como a cumprir as obrigas en materia de seguridade social** e de seguridade e Hixiene no traballo impostas nas disposicións vixentes. As obrigas establecidas neste parágrafo configúranse como

condicións especiais de execución ás que se lles atribúe carácter de obrigas contractuais esenciais de conformidade co artigo 118, podendo dar lugar o seu incumprimento á resolución do contrato ou á imposición de penalidades.

Para o cumprimento desta obriga deberá manter actualizado en todo momento ao longo da vida do contrato os correspondentes certificados de atoparse ao corrente coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria estatal que se presentarán, cando sexa procedente, xunto coas correspondentes facturas para a súa tramitación polo responsable do contrato.

Asimesmo poderá esixirse calquera documentación que o Concello estime oportuna para a comprobación do cumprimento das obrigas laborais e demais sinaladas.

A autorización para acceder ós datos de carácter persoal que consten na Seguridade Social así como na Axencia Estatal da Administración Tributaria que se achegará polo contratista previamente á formalización do contrato non escusará da obriga de presentar os certificados anteriormente sinalados.

19.2.- A Lei 31/95, de prevención de riscos laborais, o R.D. 39/97 que aproba o Regulamento dos servizos de prevención, a normativa concordante e complementaria que a desenvolve e especificamente o R.D. 1627/97, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, obrigan á contrata como empresa a elaborar e conservar a disposición da autoridade laboral, a seguinte documentación:

- Avaliación dos riscos para a seguridade e saúde no traballo e planificación da acción preventiva.
- Medidas de protección e de prevención que se van adoptar e material de protección que deba empregarse.
- Resultado dos controis periódicos das condicións de traballo e da actividade dos traballadores, de acordo co disposto no terceiro parágrafo da alínea 1, do artigo 16 da Lei 31/95.
- Práctica dos controis do estado de saúde dos traballadores previstos no artigo 22 da Lei 31/95 e conclusións obtidas nestes, nos termos recollidos no último parágrafo da alínea 4 do citado artigo.
- Relación dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais que lle causaran ó traballador unha incapacidade laboral superior a un día de traballo.

Deberá, ademais do sinalado anteriormente:

- Redactar o Plan de seguridade e saúde, de acordo co R.d. 1627/97, que será aprobado polo coordinador en materia de seguridade e saúde na fase de execución ou pola dirección facultativa, en ausencia deste.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/atm

Refª: 1508309832993.doc

Asunto: DECRETO APROBACION PREGOS OBRA PPOS XESTA E OUTRAS 36-2017

- Manter unha organización de prevención, mediante calquera das modalidades indicadas no R.d. 39/97, contando obrigatoriamente (salvo que concerte cun servizo de prevención alleo, e neste caso sería só recomendable) cun traballador designado cunha formación mínima de 50 horas (nivel básico), (o criterio, no escrito, ata a data de redacción deste texto, é que un traballador con formación de nivel básico non pode facer avaliacións de riscos en empresas do Anexo I do R.D. 39/97, polo que habería que concertar cun servizo de prevención alleo ou contratar a un técnico de nivel superior ou intermedio), ó que o coordinador en materia de seguridade e saúde na fase de execución da obra ou a dirección facultativa, en ausencia deste, transmitirá por escrito, a través do Libro de ordes, do Libro de incidencias ou, en ausencia deste, de calquera outro medio que acredite de xeito fidedigno a comunicación realizada, toda deficiencia que sexa detectada en materia de seguridade e saúde, aínda cando a responsabilidade directa deste control recaia sobre a organización de prevención da empresa contratista.
- A empresa contratista deberá contar cun plan de emerxencia, de acordo co artigo 20 da Lei 31/95, no que se analizarán as posibles situacións de emerxencia e se adoptarán as medidas necesarias en materia de primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación do persoal ó seu servizo. Para isto designará o persoal encargado de poñer en práctica estas medidas coa formación axeitada, suficiente en número, dispoñendo de material axeitado e comprobando periodicamente o correcto funcionamento das medidas adoptadas. Ademais, o empresario contratista deberá organizar as relacións que sexan necesarias con servizos externos á empresa, en particular en materia de primeiros auxilios, asistencia médica de urxencia, salvamento e loita contra incendios, de xeito que quede garantida a rapidez e eficacia das destas, no suposto en que os medios propios non sexan suficientes.
- ◆ Coordinación de actividades empresariais.
No suposto de realización de actividades mediante subcontratas:
 - O empresario principal deberá vixiar o cumprimento da normativa de Prevención de Riscos Laborais.
 - O empresario principal deberá informar sobre a utilización, manipulación, riscos e medidas de protección e prevención ós contratistas e subcontratistas cando estes operen con maquinaria, equipos, produtos, materias primas ou útiles proporcionados pola empresa principal, pero fóra do seu centro de traballo.
- ◆ Ademais, a empresa contratista, con relación ó artigo 18 da Lei 31/95, deberá redactar unha normativa interna, que distribuirá ós seus traballadores e que conterá as informacións necesarias relacionadas con:

- Os riscos para a seguridade e a saúde dos traballadores no traballo, tanto aquilo que afecta á empresa no seu conxunto como a cada tipo de posto de traballo ou función.
- As medidas e actividades de protección e prevención aplicables ós riscos sinalados no parágrafo anterior.
- As medidas adoptadas de conformidade co disposto no artigo 20 (medidas de emerxencia) da Lei 31/95.
- ◆ Antes do comezo da obra, a empresa contratista achegará a documentación sinalada nos parágrafos anteriores, que será comprobada polo Coordinador en materia de seguridade e saúde na fase de execución da obra ou pola dirección facultativa, en ausencia do Coordinador, o cal emitirá un informe que, posteriormente, por referirse a obras da Administración pública será aprobado polo órgano competente, como nos indica o R.D. 1627/97 no seu artigo 7, alínea 2.
- ◆ De igual xeito, comprobarase a alta dos traballadores no réxime da Seguridade Social e que a empresa está o corrente do pago das cotas, e informarse da posible existencia de traballadores procedentes de empresas de traballo temporal, actualmente prohibidos en obras de construción, ou autónomos.
- ◆ Sinalarase a forma do aboamento das partidas do orzamento do Plan de seguridade e saúde que será incluído expresamente nos pagos que realicen por certificación de obra.

Xúntase **ANEXO I** ó presente prego para que sexa cuberto pola empresa e enviado ó Concello.

O incumprimento das obrigas sinalada nesta cláusula ou calquera outra que lle veña imposta polo carácter de empregador ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por él non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante. En calquera caso, o contratista indemnizará ó Concello de Lugo por toda cantidade que se vira obrigada a pagar por incumprimento das obrigas establecidas nesta cláusula xa se impoña por resolución xudicial ou administrativa.

19.3.- O/os contratista/s adxudicatario deberá acreditar, cando sexa requirido polo responsable do contrato, o **cumprimento da obriga sinalada no artigo 42 do Real Decreto Lexislativo 1/2013 de 29 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade** e da súa inclusión social que esixe ás empresas con 50 ou máis traballadores ao cumprimento da obriga de ter empregados, durante a vixencia do contrato, traballadores con discapacidade nun 2%, polo menos, da plantilla da empresa.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/atm

Refª: 1508309832993.doc

Asunto: DECRETO APROBACION PREGOS OBRA PPOS XESTA E OUTRAS 36-2017

En caso de ser requirido, a empresa achegará un certificado no que conste o número de traballadores en plantilla e a porcentaxe de traballadores con discapacidade podendo ser requirido para a presentación doutra documental a maiores que se estime necesaria para comprobar o cumprimento desta obriga.

A obriga establecida neste parágrafo configúrase como **condición especial de execución á que se lle atribúe carácter de obriga contractual esencial de conformidade co artigo 118 cuxo incumprimento poderá dar lugar á resolución do contrato ou á imposición de penalidades.**

19.4.- O contratista non poderá modificar as condicións salariais -nin á baixa nin á alza- dos traballadores por decisión unilateral da empresa, agás que esta modificación sexa consecuencia dun proceso de negociación colectiva coas consecuencias sobre o prezo do contrato que de seguido se establecen. No caso de que a aprobación dun novo convenio sectorial supuxese unha diminución dos custos salariais, o Concello procederá á redución do prezo do contrato, tras a elaboración do oportuno estudio económico. Terá a consideración igualmente de causa que pode dar lugar a unha modificación prevista do contrato o feito de que durante a execución deste contrato fose negociado e aprobado un novo convenio colectivo na empresa contratista que supuxese unha diminución do custo do persoal adscrito á execución do contrato respecto ó convenio colectivo de aplicación pola empresa no momento da licitación do contrato. Neste caso, o Concello procederá á redución do prezo do contrato, tras a elaboración do oportuno estudio económico.

A obriga establecida neste apartado configúrase como unha condición especial de execución de conformidade co artigo 118 do TRLCSP e ó que se lle atribúa carácter de obriga contractual esencial dando lugar o seu incumprimento á resolución do contrato (artigo 223.f) ou ben á imposición de penalidades (artigo 212).

Ademais das condicións especiais de execución anteriormente sinaladas, aos efectos do establecido **no artigo 223.f) do TRLCSP** as restantes obrigas establecidas nesta cláusula teñen o carácter de **obrigas contractuais esenciais** e o seu incumprimento dará lugar a resolución.

Asimesmo poderá esixirse calquera documentación que o Concello estime oportuna para a comprobación do cumprimento das obrigas laborais e demais sinaladas.

VIXÉSIMA. RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA.

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estritamente a este prego, á memoria técnica e demais aspectos contractuais, así como o previsto no TRLCSP e nestes pregos en relación coa subcontratación de calquera tipo de servizos, obras ou actividades propias desta.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentárase, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentárase, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo.

Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

O contratista adxudicatario estará obrigado a gardar sigilo sobre o contido do contrato e a non facer uso dos datos que coñeza ou dos que dispoña, para outras finalidades distintas do obxecto da contratación.

VIXÉSIMO PRIMEIRA. RECEPCIÓN. PRAZO DE GARANTÍA. PAGAMENTO

Ó remate das obras subscribírase a oportuna acta de recepción, sendo o período de garantía, como mínimo de UN ANO (doce meses) contados a partir da data da sinalada acta. **Non obstante este período poderá ser aumentado polo adxudicatario na súa oferta.**

Ó tempo da recepción comprobarase en particular o cumprimento polo contratista das seguintes obrigas:

- O despexe final das obras, debendo o contratista restituír á súa situación inicial as zonas afectadas polas obras e non ocupadas por elas.
- O cumprimento non defectuoso do contrato.
- O cumprimento das condicións especiais de execución.

O pagamento efectuarase mediante facturas mensuais unha vez presentadas as correspondentes certificacións polo Director facultativo do contrato, e conformadas polo responsable municipal se o houbese e se nomease, así como polo concelleiro delegado da Área de Educación e Infraestructuras Urbanas.

No caso de ser requirida a presentación de determinada documentación, conforme ao estipulado na cláusula décimo sexta e décimo oitava, para a comprobación do

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/atm

Refª: 1508309832993.doc

Asunto: DECRETO APROBACION PREGOS OBRA PPOS XESTA E OUTRAS 36-2017

cumprimento de obrigas contractuais, ésta deberá ser aportada no prazo sinalado no requirimento, non entendéndose debidamente presentadas as facturas posteriores ao remate deste prazo, que por conseguinte serán devoltas sen tramitar, sen prexuízo doutras accións que poidan corresponder.

As facturas presentaranse en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada das Facturas Electrónicas dirixidas a este Excmo. Concello de Lugo configurado na plataforma electrónica "FACe: Punto General de Entrada de Facturas electrónicas", da Secretaría de Estado das Administracións Públicas, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Os códigos asinados ó Concello de Lugo e que deberán terse en conta para a emisión da factura son os seguintes:

Oficina Contable: L01270288 Excmo. Concello de Lugo.

Órgano Xestor: LA0005481. Deportes e Infraestructuras Urbanas.

Unidade Tramitadora: LA0007379 Obras en Vías Públicas no Contorno Urbano

Ós efectos sinalados no artigo 218 do TRLCSP, entenderase cumprida a notificación fehaciente do acordo de cesión relativa á transmisión do dereito de cobro, previa solicitude expresa do interesado, pola toma de razón dos responsables municipais no documento xustificativo do gasto debidamente aprobado polo órgano competente.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- PENALIDADES.

Impoñeranse penalidades ó contratista cando incorra nalgunha das causas previstas a continuación:

a) Por incumprimentos contractuais ou cumprimento defectuoso.

Poderanse impoñer penalidades polos incumprimentos das **condicións esenciais de execución así como das obrigas contractuais esenciais establecidas nas cláusula décimo sétima e décimo novena** destes pregos, polo incumprimento das condicións establecidas na memoria técnica de execución da obra así como pola reiterada obstrución ou falla de colaboración para facer efectivas as facultades de dirección, inspección e supervisión da obra recoñecidas a esta Administración previamente advertidas por escrito.

- Como regra xeral, a súa contía será un 1% do importe de adxudicación do contrato (IVE incluído), agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, podendo neste caso acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ó contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.

b) **Por incumprir as obrigas, condicións e demais requisitos para a subcontratación establecidos no artigo 227 do TRLCSP.**

O importe da penalidade será de ata o 50% do importe do subcontrato.

c) **Por demora.** Cando o contratista, por causas que lle foran imputables incorrese en demora en relación co **prazo total de execución** estarase ó disposto no artigo 212 do TRLCSP en canto á imposición destas penalidades se ben o importe das penalidades diarias será en proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.

En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ó contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.

As penalidades faranse efectivas mediante dedución das cantidades que deban aboarse ó contratista ou sobre a garantía definitiva cando non podan deducirse das certificacións correspondentes.

VIXÉSIMO TERCEIRA. EXTINCIÓN DO CONTRATO.

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas nos artigos 223 e 237 do TRLCSP, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das estipulacións contidas no prego de cláusulas administrativas, no prego de prescricións técnicas do proxecto e nos documentos que teñen carácter contractual que se sinalan na cláusula segunda, incluído o incumprimento do prazo total ou dos prazos parciais do proxecto.

Ós efectos do artigo 223.f), considéranse **obrigas contractuais esenciais**, podendo dar lugar o seu incumprimento á resolución do contrato, as obrigas e condicións sinaladas na cláusula **décimo sétima e décimo novena** deste prego. Así mesmo poderá dar lugar á resolución do contrato a reiterada obstrución ou falla de colaboración para facer efectivas as facultades de dirección, inspección e supervisión da obra recoñecidas a esta Administración previamente advertidas por escrito.

A los efectos del artículo 223.h) del TRLCSP faise constar que a falta de pagamento a provedores e subcontratistas para a execución desta obra poderá dar lugar á resolución deste contrato.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 224, 225 e 239 do TRLCSP.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/atm

Refª: 1508309832993.doc

Asunto: DECRETO APROBACION PREGOS OBRA PPOS XESTA E OUTRAS 36-2017

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contraditorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

A resolución do contrato por incumprimento do contratista implicará a incautación da garantía definitiva sen prexuízo da indemnización, no seu caso, polos danos e prexuízos causados, no que excedan do importe da garantía definitiva.

VIXÉSIMO CUARTA.- RÉXIME DE RECURSOS.

Contra os actos que se relacionan no artigo 40 do TRLCSP relativos a contratos que non sexan susceptibles de recurso especial en materia de contratación por non atoparse nos supostos descritos no dito artigo, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, caberá a interposición do recurso potestativo de reposición, no prazo de un mes, contado a partir do seguinte ó da notificación ou publicación do acto ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnados directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo.

ANEXO I**DOCUMENTACIÓN GABINETE DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.****DATOS:**

EMPRESA:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX:	

MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA

1º <input type="checkbox"/> CONCERTO CON SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA	
NOME:	
ENDEREZO:	

LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX:	
ESPECIALIDADES CONTRATADAS:			
PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:			

* XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE SE REALIZOU A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.

2º **COMO MEMBRO DO SERVIZO MANCOMUNADO**

* Xuntar a acta de constitución.

3º **TRABALLADOR DESIGNADO**

Nome e apelidos:

Cargo:

NOME EMPRESARIO:

SELO DA EMPRESA

DNI:

SINATURA:

DATA:

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REXISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRICIÓN REXISTRAL

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., inscrita no Rexistro de Licitadores de (indicar o Rexistro) co n.º, en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DA OBRA DE PAVIMENTACIÓN E SERVIZOS EN RÚA DA XESTA E RÚA DO FREIXO (EXP- REF 36- 2017)** declara baixo a súa **responsabilidade:**

1º.- Que as circunstancias e datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores (indicar cal é o rexistro) **non** experimentaron variación en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden coa certificación do Rexistro que se achega a esta declaración.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/atm

Refª: 1508309832993.doc

Asunto: DECRETO APROBACION PREGOS OBRA PPOS XESTA E OUTRAS 36-2017

2º.- Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores referentes a:

1.
2.
3.

sufriron alteración segundo se acredita mediante os documentos que se achegan a esta declaración e que estas circunstancias foron comunicadas ó Rexistro con data, manténdose o resto dos datos sen alteración algunha respecto do contido da certificación do Rexistro.

3º.- Que a empresa que represento atópase ó corrente coas obrigas tributarias co Excmo. Concello de Lugo.

4º.- Así mesmo **autorizo** ó órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

En, a de de 2016.

Asdo.:

Nota: As opcións 1º e 2º son incompatibles entre si, sinale soamente a que corresponda.

ANEXO III

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE (só para os casos de non acreditar os requisitos mediante certificado de inscrición en Rexistro de licitadores).

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DA OBRA DE PAVIMENTACIÓN E SERVIZOS EN RÚA DA XESTA E RÚA DO FREIXO (EXP-REF 36-2017) declaro baixo a miña responsabilidade:**

Que o asinante desta declaración como a compañía mercantil á que represento es os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa

Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes. Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.

Asimesmo, declara que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interese dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.

Así mesmo **autorizo** ó órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

..... de..... de.....
(Lugar, data e sinatura do licitador)

ANEXO IV

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS LEGAL E CONTRACTUALMENTE ESTABLECIDAS PARA PODER CONTRATAR CO CONCELLO DE LUGO.

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DA OBRA DE PAVIMENTACIÓN E SERVIZOS EN RÚA DA XESTA E RÚA DO FREIXO (EXP- REF 36- 2017) declaro baixo a miña responsabilidade:**

1º.- Que o asínante desta declaración como representante da empresa así como a compañía mercantil á que represento reúne tódolos requisitos legalmente establecidos para poder contratar co Concello de Lugo o servizo de referencia, en particular o cumprimento dos requisitos de capacidade e solvencia económica e técnica esixibles na Lei* e no prego de cláusulas administrativas para poder ser adxudicatario do contrato de referencia.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/atm

Refª: 1508309832993.doc

Asunto: DECRETO APROBACION PREGOS OBRA PPOS XESTA E OUTRAS 36-2017

** En caso de basearse a solvencia en capacidade doutras empresas (integración da solvencia por medios externos) deberá identificar a dita entidade.*

2º.- Que o asinante desta declaración como a compañía mercantil á que represento e os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

3º.- Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

4º.- Que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, Lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interese dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a Lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

5º.- Que o asinante desta declaración, a compañía mercantil á que represento e os administradores e representantes da mesma non interviñeron en negociación e/ou acordo algún para falsear a competencia e que non ten coñecemento da existencia dun posible conflito de intereses debido a súa participación neste procedemento de contratación.

6º.- Que o convenio colectivo que será de aplicación aos traballadores vinculados ao contrato no caso de resultar adxudicatario será o seguinte:, así mesmo, comprométese a facilitar canta información sexa requirida sobre as condicións de traballo aplicadas efectivamente aos mesmos.

7º.- Que asumo durante a vixencia do contrato a obriga de ter empregados traballadores discapacitados nun 2 por 100 polo menos da plantilla da empresa, se ésta acada un número de 50 ou máis traballadores, de acordo co artigo 38.1 da Lei 13/1982, de 7 de abril, de Integración Social de Minusválidos ou a obriga de adoptar as medidas alternativas establecidas no R.D. 364/2005, de 8 de abril. *(No caso de ter optado polo cumprimento das medidas alternativas deberán achegar xunto con esta declaración responsable unha copia da declaración de excepcionalidade e unha declaración do licitador das medidas concretas aplicadas a tal efecto.)* e que acreditarei o cumprimento da dita obriga cando sexa requirido para elo e en

calquera momento durante a vixencia do contrato, mesmo antes da devolución da garantía definitiva.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.

Así mesmo **autorizo** ó órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para isto.

..... de..... de.....
(Lugar, data e sinatura do licitador)

ANEXO V

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE RELATIVA Á OBRIGA DE TER TRABALLADORES/AS CON DISCAPACIDADE EN PLANTILLA

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., inscrita no Rexistro de Licitadores co n.º, en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DA OBRA DE PAVIMENTACIÓN E SERVIZOS EN RÚA DA XESTA E RÚA DO FREIXO (EXP- REF 36-2017) baixo a miña responsabilidade:**

1º.- Que asumo durante a vixencia do contrato a obriga de ter empregados traballadores discapacitados nun 2 por 100 polo menos da plantilla da empresa, se ésta acada un número de 50 ou máis traballadores, de acordo co artigo 42 do Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, ou a obriga de adoptar as medidas alternativas correspondentes.*

** No caso de ter optado polo cumprimento das medidas alternativas deberán achegar xunto con esta declaración responsable unha copia da declaración de excepcionalidade e unha declaración do licitador das medidas concretas aplicadas a tal efecto*

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/atm

Refª: 1508309832993.doc

Asunto: DECRETO APROBACION PREGOS OBRA PPOS XESTA E OUTRAS 36-2017

2º.- Que acreditarei o cumprimento da dita obriga cando sexa requirido para elo e en calquera momento durante a vixencia do contrato, mesmo antes da devolución da garantía definitiva.

..... de..... de.....

(Lugar, data e sinatura do licitador)

**ANEXO A "PRESENTACIÓN DE PLICAS"****DATOS DO LICITADOR**

NOME DA EMPRESA (Se é empresario individual indicar nome e apelidos)

ENDEREZO:

TELÉFONO:

CORREO ELECTRÓNICO:

Autorízolle ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese. O enderezo para os efectos de notificación será o consignado na solicitude como actual.

DOCUMENTO DE IDENTIDADE:

DNI/NIF TARXETA
 PASAPORTE NIE

NÚMERO	LETRA

REPRESENTANTE LEGAL (só no caso de que a persoa interesada actúe por medio de representación legal):

NOME:

1º APELIDO:

2º APELIDO:

DOC. IDENTIDADE:

TELÉFONO:

CORREO ELECTRÓNICO:

DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN:

PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN AO CAL CONCORRE

EXPTE. REF.: 36-2017

DENOMINACIÓN: CONTRATACIÓN DA OBRA DE PAVIMENTACIÓN E SERVIZOS EN RÚA DA XESTA E RÚA DO FREIXO

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:

<p>SOBRE A: documentación administrativa. SOBRE B: oferta económica e suxeita a criterios avaliados automaticamente</p>

Lugo, _____ de _____ de
A PERSOA INTERESADA OU REPRESENTANTE

En cumprimento do disposto pola Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o Concello de Lugo infórmaa/o de que os datos persoais obtidos deste documento serán incorporados a un ficheiro, do que é responsable o Concello de Lugo, coa única finalidade de levar a cabo as actuacións administrativas que, de ser o caso, se deriven da súa solicitude ou para realizar comunicacións do seu interese para os efectos informativos. Se o desexa, pode acceder aos datos facilitados, así como solicitar, se é o caso, a rectificación, oposición ou cancelación, nos termos establecidos na lei indicada, comunicándollo a este Concello.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 121.376,77 euros con cargo á aplicación orzamentaria 15300.61901 (RC 89204 e RC89464) do vixente Orzamento Xeral de 2017.

CUARTO.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

Cúmprase